

IRMANDADE SANITARIA GALEGA

SÁBADO 26 DE DECEMBRO DE 2022

Bo día:

Benvidas e benvidos a este acto de homenaxe ao doutor Antón Beiras. Graciñas por vir.

A irmandade sanitaria galega quere agradecer en primeiro lugar ás institucións que colaboraron coa celebración deste acto: á Universidade de Santiago de Compostela, representada polo seu Reitor, Antonio López, á Facultade de Medicina representada polo seu Decano, Julián Álvarez Escudero, ao Concello de Santiago, representado pola súa Concelleira de Cultura Mercedes Rosón e a Dirección Xeral de Política Lingüística representada pola Subdirectora Xeral Lourdes Batán.

Queremos darlle tamén unha cálida acollida á familia de Antón Beiras, o noso homenaxeado de hoxe, representada nesta mesa polo seu fillo Hixinio e saudamos a Antía, Antón e Bea.

É de todos e todas coñecido que a Irmandade Sanitaria Galega é unha institución que tenta velar polo uso e respecto da lingua galega e o humanismo científico no ámbito sanitario. Está integrada por profesionais diversas da saúde e a ninguén lle pasa desapercibido que a Institución se sostén grazas ao traballo comprometido e constante de Xosé González, Pepe de Redondela e de Carme Vaquero, a quen desde esta tribuna quero agradecer especialmente o seu labor. Agradecerlle tamén ao noso compañeiro Pablo Vaamonde todos os anos previos coordinando a ISAGA.

De modo transitorio correspóndeme a min coordinar esta Irmandade e por iso aquí estou presentando o acto de homenaxe á figura de Antón Beiras, médico oftalmólogo. Pepe sabe que sendo unha muller e feminista moito lle insisto en que temos que recuperar figuras de mulleres visibles na saúde, como fixemos no seu momento con Olimpia Valencia, a primeira médica galega. Malia todo estou contenta porque a través do relato de Hixinio Beiras descubríñ que o noso homenaxeado de hoxe era un

protofeminista que chegou a escribir sobre A muller galega e a ciencia. E neste relato falaba, por suposto, de Olimpia Valencia e da capacidade científica das mulleres galegas en pé de igualdade cos homes.

Non tiña dúbida da necesidade de homenaxear a Antón Beiras neste acto da Irmandade Sanitaria pero despois de falar con Hixinio quedoume máis claro aínda que, ademais do seu valor científico, humanista, político e investigador é unha figura digna de ser coñecida. Eu descubrín no relato do seu fillo un home estimulante, divertido, curioso, motivador, iluminado: un home do renacemento, un ilustrado.

Agradézolle moito a Hixinio que me dedicase un tempo valioso para falarme do pai, da súa lembranza, das súas experiencias e das anécdotas que me axudaron a construír un retrato de Antón Beiras que non tería conseguido mirando en libros ou enciclopedias.

Antón era un home de orixe burgués, compostelán, que fixo a súa vida en Vigo ao carón da prezada mestra e pedagoga Antía Cal. El quixo ampliar fronteiras, marchar da sociedade pechada compostelá e vivir perto do mar que coñecera anos antes ao carón de Urbano Lugrís na Coruña.

Era, en palabras do seu fillo, un home cun forte compromiso político e investigador, ao que o propio Hixinio lle traducía as obras que el publicaba e tamén o acompañaba nos congresos polo seu dominio das linguas.

Antón Beiras afiliouse ao Partido Galeguista promovido por Manuel Beiras, o seu irmán maior, comezando a súa militancia nos Ultreias de Álvaro de las Casas.

Posteriormente, na escisión entre os galeguistas de esquerdas e os de dereitas, el tomou partido pola Esquerda. Trala deriva conservadora do Partido Galeguista rematou no Partido Comunista e foi un grande admirador no seu momento da antiga Unión Soviética.

Formou parte dunha xeración que promovía a vida ao aire libre, como os Montañeiros Celtas, que defendían o Internacionalismo e o uso do Esperanto na busca dunha lingua que comunicara aos pobos. Formaba parte desa xeración de entre guerras que facía gala dun entusiasmo progresista. Gustáballe dicir que “non haberá socialismo sen pobos ceibes nin pobos ceibes sen socialismo”. Era un socialista primixenio.

Era un ilustrado, un galego do renacemento. Como oftalmólogo desenvolveu a súa faceta investigadora chegando a deseñar o Vigoscopio, financiado pola Caixa de aforros de Vigo: un aparello para tratar o estrabismo, motivado pola presenza desta doenza nunha das súas fillas. Foi unha autoridade mundial nesta materia. Escribiu artigos que publicou en galego sobre a uveíte, a cisticercose ocular, a oclusión ocular para corrixir o estrabismo, a ortóptica. Nunca tivo ánimo de destacar no ámbito universitario, el era, en palabras do fillo, un materialista poético. Non competía por ocupar espazos. A min hoxe paréceme especialmente valioso recoñecerlle a súa presenza na Facultade de Medicina pola súa aportación humanista, investigadora e científica, non suficientemente recoñecida.

Antón Beiras combinou ciencia, medicina, política, cultura e lingua. Mesmo chegou a escribir con Antía Cal un libro, “O libro dos nenos”, para os seus fillos. Era unha pequena enciclopedia para explicar o mundo a un neno galego da España franquista. A este libro déronlle daquela un premio, e recentemente foi reeditado e actualizado polo seu xenro Miguel Piñeiro.

Antón Beiras foi tamén fundador da Editorial Galaxia, da que tamén se separou trala súa evolución conservadora. Foi un precursor da Galicia de hoxe: el soñaba cunha Galicia democrática, autonómica, libre. Nunca se definiu como nacionalista. Era un internacionalista acérrimo e nesa medida era galeguista, demócrata e socialista.

Conta Hixinio varias anécdotas de Antón que nos ilustran do seu carácter iluminado, no mellor sentido da expresión: pouco despois de casar con Antía Cal foron de viaxe en bus a buscar o Dolmen de Dombate. Daquela non estaba escavado e sinalizado, como está hoxe en día, e para atopalo guiáronse polo poema de Pondal: ese que dicía

Pasado Vilaseco

Indo pola gandra adiante

Xa vía desde lonxe

O dolmen de Dombate

Deixando fonte fría

Cara o lado de Laxe

E levando o camiño

De San Simón de Nande

Polo Chan do Borneiro

De cativos pinales

Cuase pasaba a rentes

Do dolmen de Dombate.

Contaba tamén Hixinio que tiñan un dous cabalos e que ían nel cantando e recitando a Pondal, a Curros... O propio Otero Pedrayo ilustrou na súa obra o Dolmen cunha foto que o propio Antón Beiras lle enviou.

Beiras era ademais un enorme defensor da lingua galega e da xente proletaria do país. En certa medida reivindicaba o papel da xente labrega e mariñeira, mesmo no seu espazo familiar burgués compostelán. Era un home coherente que pensaba que había que darlle ao galego carta de natureza social de igualdade coas outras linguas: non só para falar do rural, senón tamén para facer ciencia, entre outras cousas. Na casa de Antón e Antía falábase o galego, mesmo describe Hixinio como señoras do centro de Vigo se estrañaban de que uns nenos tan ben vestidos usasen o galego para comunicárense. O galego non era lingua burguesa nin urbana. Antón tivo que convencer a Antía da importancia de que os fillos falasen galego na casa. Parece que Antía convenceuse de vez cando, un día no baño, a Hixinio caeulle unha pastilla de xabón e dixo: aló vai!. Cuestionaba o modelo dos intelectuais que escribían en galego e logo falaban castelán na casa. Gustáballe respectar o galego e respectar tamén á xente que o falaba. Era, en palabras do fillo, un “lírico sentimental” ao que a defensa do galego non lle facía entrar en contradición coa defensa do inglés, por exemplo.

En definitiva, Antón Beiras era un médico oftalmólogo, humanista, político galeguista de esquerdas e logo comunista, investigador, defensor da lingua galega, un home dunha cultura relevante, un home do Renacemento.

Un home que ademais proxectaba na familia a súa veneración pola ciencia e o progreso ata o punto de atravesar media Europa nun Dous Cabalos para levar os fillos a ver o Atomium e a exposición do Sputnik a Bruxelas. Un avanzado para a súa época. Un científico en toda a súa extensión. Un defensor do galego na escrita que militaba

comprando cada libro que se publicaba na nosa lingua. Un home preocupado pola defensa dos ideais republicanos durante a Longa Noite de Pedra que mesmo chegou a contribuír ao financiamento de estruturas políticas clandestinas e algunha multicopista para imprimir octavillas.

En definitiva, Antón Beiras é un referente para as que hoxe estamos aquí apelando a un humanismo galeguista, á defensa da nosa lingua no ámbito sanitario, na ciencia, na cultura, no coñecemento, no progreso. Non se entende a saúde sen un compromiso coa cultura, coa xente e coa lingua do pobo.

Hónranos estar acompañados da súa familia, a quen agradecemos a súa presenza e a súa disposición. Pídevos un caloroso aplauso para a figura de Antón Beiras e cédolle a palabra ao Decano da Facultade de Medicina, Julián Álvarez Escudero.